



AXENDA PERIÓDICA DE ACTIVIDADES NORMAS PARA A PUBLICACIÓN DE INFORMACIÓN

Obxectivo: Que as entidades radicadas no municipio poidan beneficiarse de forma gratuíta dos medios dixitais que o Concello de Santa Comba ten a disposición dos cidadáns para que poidan difundir as súas actividades e estas poidan chegar a un maior número de xente.

Tipo de actividades: Actividades públicas ou privadas de carácter cultural, deportivo, musical, comercial, certames temáticos e en xeral actividades recreativas ou similares nas que estea prevista a concorrencia de público, que sexan promovidas ou organizadas por entidades sen ánimo de lucro. Contémpanse as actividades habituais ou esporádicas, de carácter non lucrativo que se celebren en establecementos ou espazos abertos ao público, tanto en instalacións públicas como privadas. Isto tamén afecta a organización de festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións veciñais ou por comisións de festas.

Finalidade das normas: Establecer uns criterios técnicos e de orden protocolarios preestablecidos para que todos aqueles interesados en difundir as súas actividades na axenda municipal o poidan facer de forma igualitaria, sen ningún tipo de discriminación.

Normas a cumprir para poder publicar información sobre actividades:

1. Todas as actividades que se divulguen, deberán ser sen ánimo de lucro, sen menoscabo das cotas de inscrición ou participación que se poidan establecer os promotores para o financiamento da actividades en si.
2. Todas as actividades deberán proceder de iniciativas promovidas por entidades legalmente constituídas sen ánimo de lucro como asociacións, clubs deportivos e comisións de festas.

Excepcionalmente, e cando pola natureza da actividade e polo interese público ou social que xere, a concellería ou órgano municipal correspondente poderá divulgar actividades esporádicas de iniciativa privada ou empresarial. Da mesma forma, poderá divulgar actividades de entidades de municipios da contorna que poidan ser de interese para a veciñanza dese municipio, especialmente as relacionadas co sector agrario, gandeiro e empresarial.

3. Todas as actividades deberán axustarse aos principios de veracidade, transparencia e pluralidade social, normativa vixente en materia de drogodependencia, trastornos aditivos e consumo de substancias estupefacientes, e estar perfectamente indicado quen é o promotor responsable da actividade, que é o que debe ofrecer calquera tipo de información ao respecto a calquera interesado ou entidade que lla demande e debe contar coa indicación mínima de nome da entidade organizadora, domicilio, teléfono e correo electrónico.

Neste senso, deberase cumprir co indicado na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia número 1, do martes 2 de xaneiro de 2018, en vigor desde o luns 2 de xullo de 2018, que no seu artigo 20 di textualmente o seguinte:

1. A publicidade da celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas terase que axustar aos principios de veracidade, transparencia e suficiencia. En ningún caso poderá conter informacións que induzan ao equívoco ou poidan distorsionar a capacidade electiva dos espectadores.
2. A publicidade de espectáculos públicos ou actividades recreativas deberá recoller, polo menos, os seguintes contidos:
 - a) Clase de espectáculo ou actividade.
 - b) Data, horario e lugar das actuacións, prezos das entradas e lugares de venda, así como, de ser o caso, as condicións de admisión, normas particulares ou instrucións para o normal desenvolvemento do espectáculo ou actividade.
 - c) Denominación, o domicilio, o teléfono e o correo electrónico do organizador ou organizadora.
3. Prohíbese calquera forma de promoción ou de publicidade que incite á violencia, ao racismo, ao machismo, ao negacionismo, á discriminación por razón de identidade de xénero ou opción sexual, ao consumo irresponsable de alcohol ou que atente contra o benestar animal ou faga apoloxía de actividades contrarias aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas recoñecidos pola Constitución

e por tratados internacionais ratificados polo Estado Español.

4. As empresas de publicidade ou de artes gráficas que interveñan na confección de publicidade deberán xustificar ante a Administración, cando sexan requiridas para iso, os datos identificativos das empresas contratantes da publicidade.

5. A publicidade dos espectáculos públicos e actividades recreativas deberá respectar os principios e as normas contidos na normativa vixente en materia de drogodependencia, trastornos aditivos e consumo de substancias estupefacientes.

4. A axenda de actividades publicarase os venres, sempre que sexa posible, e haxa un número mínimo de actividades que se consideren suficientes para publicar a axenda. Para elo, todos os interesados deberán remitir a súa información antes do mércores anterior ás 12 do mediodía.
5. Os interesados en que se publique a súa actividade, deberán cubrir un formulario expresamente habilitado na web municipal e enviar o cartel da actividade en formato dixital jpg e, se fose posible, o enlace á páxina web ou rede social informativa. En ningún caso, o Concello procederá a elaborar carteis publicitarios sobre a actividade en cuestión.
6. No cartel non se poderá terxiversar, menoscabar, menosprezar ou por nun lugar irrelevante o logotipo municipal obrigatorio que facilitará o Concello (moitos dos que se atopan por internet, especialmente o de wikipedia. non son oficiais). O devandito logotipo debe estar presente no cartel cunha medida mínima aproximada, tanto en vertical como en horizontal, de 2.5x5 cm para carteis en formato A3, e de 2x5 cm para carteis en formato A4. En calquera caso, nunca deberá ser inferior aos demais logotipos que figuren no mesmo cartel.
7. Na axenda so se divulgará a actividade en si mesma, por medio dunha icona co título e as datas da actividade, un acceso ao cartel da actividade e un enlace a zona de información máis específica. En ningún caso se publicará información posterior sobre os resultados da actividade, reportaxe fotográfico nin repercusión mediática.
8. Toda a información deberá remitirse exclusivamente en formato dixital e empregarse como único canle o seguinte correo electrónico: info@santacomba.es

**CONCELLO DE SANTA COMBA
DEPARTAMENTO DE MEDIOS TECNOLÓXICOS**